



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	ENXEÑARÍA DA REACCIÓN QUÍMICA		Código	730G04056
Titulación	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Naval e IndustrialQuímica			
Coordinación	Vega Martin, Alberto de		Correo electrónico	alberto.de.vega@udc.es
Profesorado	Ligero Martínez - Risco, Pablo Vega Martin, Alberto de		Correo electrónico	pablo.ligero@udc.es alberto.de.vega@udc.es
Web				
Descrición xeral	Nesta materia abordanse os principios das reaccións químicas, así como as bases do deseño dos distintos tipos de reactores e as súas aplicacións.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A26	TEQ1 Coñecementos sobre balances de materia e enerxía, biotecnoloxía, transferencia de materia, operacións de separación, enxeñaría da reacción química, deseño de reactores e valorización e transformación de materias primas e recursos energéticos.
A27	TEQ2 Capacidade para á análise, deseño, simulación e optimización de procesos e produtos.
B4	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como leigo
B6	B3 Ser capaz de concibir, deseñar ou poñer en práctica e adoptar un proceso substancial de investigación con rigor científico para resolver calquera problema formulado, así como de comunicar as súas conclusións ?e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a un público tanto especializados como leigo dun xeito claro e sen ambigüidades
B7	B5 Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas
B8	B7 Deseñar e realizar investigacións en ámbitos novos ou pouco coñecidos, con aplicación de técnicas de investigación (con metodoloxías tanto cuantitativas como cualitativas) en distintos contextos (ámbito público ou privado, con equipos homoxéneos ou multidisciplinares etc.) para identificar problemas e necesidades
C3	C5 Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C4	C6 Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C6	C8 Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecementos sobre balanzos de materia e enerxía, biotecnoloxía, trasferencia de materia, operacións de separación, enxeñaría da reacción química, deseño de reactores e valorización e transformación de materias primas e recursos enerxéticos.	A26	B4	C4
Capacidade para á análise, deseño, simulación e optimización de procesos e produtos.	A27	B6 B7 B8	C3 C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas



Os seguintes temas desenvolven os contidos establecidos na ficha da memoria de verificación.	Cinética química homoxénea: Clasificación, reaccións reversibles, irreversibles, autocatalíticas, reaccións simples e múltiples, reaccións elementais e non elementais. Velocidade de reacción: expresión e variables. Mecanismo de reacción: molecularidade e orde de reacción, conversión. Introducción ao deseño de reactores; Reactores ideais; Deseño para reaccións simples; Deseño para reaccións múltiples; Reactores para sistemas homoxéneos. Efectos da temperatura e da presión. Catálise.
Ampliación de cinética química. Aplicación a reactores	<ol style="list-style-type: none"> 1. Significado da velocidade de reacción 2. Tipos de reaccións. Variables que afectan á velocidade de reacción. 3. Modelos par a velocidade de reacción. 4. Velocidade de reacción e temperatura. 5. Catálise 6. Mecanismos de reacción 7. Cinética das reaccións homoxéneas. Reaccións simples e múltiples. Reaccións elementais e non elementais. 8. Equilibrio químico
Reactores químicos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Introducción ao deseño de reactores: Reactores ideais. 2. Deseño de reactores para reactores múltiples. 3. Efectos da presión e a temperatura. 4. Introducción aos reactores non ideais. 5. Reactores para sistemas heteroxéneos. 6. Catálise.
Optimización de procesos	Optimización de reactores para reaccións simples

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A26 C3 C4	30	60	90
Solución de problemas	A26 B4 B6 C4	22	26	48
Proba mixta	A27 B7 B8 C4 C6	2	6.5	8.5
Atención personalizada		3.5	0	3.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou Lección maxistral. Esta última modalidade soe reservarse a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, coun contido que supón unha elaboración orixinal baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia
Solución de problemas	Resolución de problemas que terán como base a teoría impartida. Enviárase a cada alumno (Campus virtual) un problema para resolver fóra da aula que deberá resolver e presentar na mesma plataforma en data e prazo previamente establecido. Esta actividade realizarase 4 veces durante o cuatrimestre.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. Canto ás primeiras, recolle preguntas abertas de desenvolvemento, as segundas poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e de asociación.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	<p>Proporcionarase atención personalizada a cada alumno cada vez que o solicite e en data e hora a acordar cos profesores.</p> <p>Nas sesións de resolución de problemas, a atención personalizada será presencial no transcurso das propias sesións.</p> <p>Así mesmo, se proporcionará atención personalizada a todo o alumnado que o solicite mediante o correo electrónico, o campus virtual da UdC ou calquera outra aplicación similar.</p> <p>As persoas ás que se lles conceda o recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica, deberán poñerse en contacto cos profesores, con suficiente antelación, para organizar as actividades docentes. Canto aos tipos de actividades que computan na avaliación deberán realizar as mesmas que realicen as persoas sen dispensa, preferentemente nas mesmas sesións. Se isto no fose posible, farán estas actividades avaliadas en sesión extraordinarias (programadas de acordo cos profesores) similares ás do resto do alumnado e coa mesma ponderación numérica indicada no apartado ?planificación? desta guía.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A27 B7 B8 C4 C6	<p>Proba escrita presencial.</p> <p>Valorarase o coñecemento dos alumnos e a forma en que resolvan situacións e/ou problemas que se lles plantearán, relacionados coa materia.</p> <p>Valorarase especialmente a claridade e precisión na resolución dos aspectos da proba.</p>	70
Solución de problemas	A26 B4 B6 C4	Esta actividade consistirá na resolución y entrega por parte do alumno de 4 problemas entregados polo profesor.	30

Observacións avaliación

A cualificación final de cada alumno será o resultado da ponderación, tal e como se indica máis arriba, das dúas metodoloxías que se empregan na avaliación: solución de problemas e proba mixta. Para superar a materia o alumno debe obter unha media ponderada igual ou superior a 5 puntos. Na proba mixta, que se valorará de 0 a 10 puntos, será necesario obter unha cualificación mínima de 4 puntos para facer a ponderación coa cualificación obtida na solución de problemas. Nos posibles casos nos que a media ponderada sexa igual ou superior a 5 pero cunha avaliación na proba mixta inferior a 4, a cualificación final será de 4,5. Na segunda oportunidade manterase a cualificación obtida na solución de problemas durante o cuadrimestre, polo que só é obxecto de mellora a "proba mixta". No caso dos alumnos de continuidade (que non tiveran superada a materia en cursos anteriores) non se considerará ningunha cualificación de cursos anteriores. É dicir: a súa avaliación abrangue exclusivamente ás actividades deste curso 22-23.

Na convocatoria adiantada de decembro a avaliación da proba mixta constituirá o 100% da cualificación. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en toda as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria. Os alumnos que obteñan dispensa académica, ao ter as mesmas responsabilidades que os demais, terán que realizar as mesmas probas que o resto: deberán realizar as mesmas metodoloxías e serán avaliados da mesma forma. No caso de que estes alumnos tiveran problemas (previa xustificación documental suficiente) para a realización das probas, acordaranse novas datas para a súa realización.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Levenspiel, Octave (2005). Ingeniería de las reacciones químicas . Barcelona. Reverté- Octave Levenspiel (1985). El omnilibro de los reactores químicos. Barcelona. Reverté- Fogler, H. Scott. (2008). Elementos de ingeniería de las reacciones químicas. Pearson Educación- Santamaría, Jesus; Herguido, Javier; Menéndez, M.; Monzón, A. (2010). Ingeniería de reactores. Madrid. Síntesis
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

TECNOLOXÍA QUÍMICA/730G04051

QUÍMICA/730G04005

ENXEÑARÍA MEDIOAMBIENTAL/730G04017

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En conformidade co obxectivo número 5 do plan de acción "Green Campus de Ferrol" -Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social- incentivarase o uso de accións que o favorezan como:

- Uso de Moodle, correo electrónico e medios telemáticos para evitar o consumo de papel.
- Caso de ser necesario a utilización de papel, se usará reciclado e se escribirá/imprimirá polas dúas caras, e en ningún caso se usarán carpetas ou outro material plástico.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías